

AXENDA 21 LOCAL DE REDONDELA



FASE I - AUDITORÍA

DOCUMENTO DE PREDIAGNOSE



ÍNDICE

ÍNDICE	2
1. O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21	3
1.1. ANTECEDENTES	; Error! Marcador no definido.
1.2. AS FASES DA AXENDA 21	; Error! Marcador no definido.
2. O FORMATO DA PREDIAGNOSE	7
2.1 A IMPORTANCIA DA PREDIAGNOSE.....	7
2.2 PRESENTACIÓN PÚBLICA	; Error! Marcador no definido.
2.3 TRÍPTICOS INFORMATIVOS E ENQUISA...;	Error! Marcador no definido.
2.4 ACTIVIDADES CONSULTATIVAS	; Error! Marcador no definido.
2.5 ENTREVISTAS	; Error! Marcador no definido.
3. ENQUISAS	14
3.1 PARTICIPACIÓN.....	14
3.2 RESULTADOS	15
4. ACTIVIDADES CONSULTATIVAS	21
4.1 PARTICIPACIÓN.....	21
4.2 RESULTADOS	21
5. ENTREVISTAS	30
5.1 ANÁLISES DE FORTALEZAS, DEBILIDADES, OPORTUNIDADES E AMEAZAS.....	30
5.2 PRIORIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL	45
5.3 PARTICIPACIÓN CIDADÁ	49
5. RESUME DAS CONCLUSIÓNS DA PREDIAGNOSE	54



1. O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21

1.1. ANTECEDENTES

A Axenda 21 é un plan de acción das Nacións Unidas para un desenvolvemento sustentábel no século XXI, aprobado por 173 gobernos na Conferencia sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento que tivo lugar en Río de Xaneiro en 1992.

A Axenda Local 21 é un proceso que van implantar e desenvolver as entidades locais e que se basea na integración das políticas ambientais, económicas e sociais do concello a través da elaboración e aplicación dun Plan de Acción Local.

Sumarse a esta iniciativa supón, xa que logo, o compromiso municipal de estimular o desenvolvemento de medidas encamiñadas a facer compatíbeis a conservación do medio co desenvolvemento social e económico do propio concello. Supón, ademais, facelo dun xeito estruturado e planificado o que implica unha actuación transversal coa participación da totalidade das áreas da Administración local.

A Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo que cada concello define baseándose na súa realidade e condicionantes.

A Carta de Aalborg

A carta das cidades europeas cara á sustentabilidade (Carta de Aalborg) foi asinada por 80 autoridades locais tras a clausura da Conferencia Europea sobre Cidades e Poboacións Sustentábeis que tivo lugar en Aalborg (Dinamarca) entre o 24 e 27 de maio de 1994.

Mediante a sinatura do compromiso de adhesión á Carta de Aalborg (acordo plenario do 15 de marzo de 2004) o Concello de Redondela realiza unha declaración de intencións e de compromiso coa Axenda 21 Local e outros procesos de bosquejo para o desenvolvemento sustentábel e adhírese á Campaña europea de cidades e vilas sustentábeis.

Na conferencia de Aalborg establecéronse as bases para fixar os principais requisitos da sustentabilidade para as cidades e pobos europeos. A Axenda 21 debe recoller estes requisitos e traducilos en plans e accións concretos.

Os principios fundamentais que deben inspirar a Axenda 21 son:

- Integración dos obxectivos de desenvolvemento sustentábel na Administración local, as súas políticas e actividades de xestión.



- Sensibilización e educación en temas ambientais e en desenvolvemento sustentábel.
- Acceso público á información ambiental.
- Participación e consultas públicas.
- Colaboración con empresas, ONG, cidades irmáns, etc.
- Medición, seguimento e presentación de informes sobre os avances cara á sustentabilidade.

Obxectivos da Axenda 21

A Axenda 21 ten como finalidade os seguintes obxectivos:

- O uso eficiente dos recursos e a minimización da xeración de residuos, así como a redución da contaminación e a garantía de calidade no medio (auga, atmosfera e solo).
- Manter a diversidade ecolóxica.
- Minimizar o consumo de recursos non renovábeis e substituílos cando se poida por recursos renovábeis.
- Na medida do posíbel, os problemas que xorden no ámbito local cómpre resolvelos no mesmo ámbito.
- Garantir o acceso a un traballo digno e unha economía diversificada e non agresiva co medio.
- Promover a igualdade e a xustiza social e que todos teñan acceso á cultura, ao lecer e á recreación.
- Traballar por un medio limpo, seguro e agradábel e por mellorar o contorno no medio urbano.
- Fomentar a sensibilización, educación e participación dos axentes sociais en temas de medio ambiente e desenvolvemento sustentábel.

A pesar de que a elaboración da Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo, as diferenzas entre as fases que se establecen no proceso para cada Axenda son máis ben cativas. As semellanzas son aínda maiores entre as axendas iniciadas en Galicia onde se adoita seguir a xa clásica estrutura de catro fases; a mesma que se desenvolveu para realizar a de Redondela:

1.2 AS FASES DA AXENDA 21

1.2.1 Auditoría

Constitúe a primeira fase do proceso de implantación da Axenda 21 e consiste na descrición da situación económica, social e ambiental do concello. Conta coa participación cidadá, xa que se utilizan diversas metodoloxías sociolóxicas para valorar a percepción que os cidadáns, tanto a título individual como asociados en colectivos representativos, teñen da situación do seu concello.



A auditoría consta de:

- Unha **prediagnose** que consiste na realización de enquisas, reunións, entrevistas, etc., á poboación, co fin de coñecer a percepción da sociedade redondelá sobre a situación ambiental, social e económica do seu concello ao tempo que se motiva na participación.
- Unha **diagnose** que consiste nun traballo de recompilación e análise de información obxectiva e datos oficiais.
- Un **documento de síntese que** consiste nun resumo da información recollida para poder sacar conclusións sobre o estado real do concello (puntos fortes e febles, oportunidades, ameazas, problemas urxentes, etc.).

Deste xeito contarase con información para propor na seguinte fase os obxectivos que se deberán cumprir para acadar un desenvolvemento sustentábel, así como para coñecer a gravidade dos problemas, o que axudará tamén nas fases posteriores á priorización da consecución de obxectivos.

1.2.2 Plan de Participación

A participación cidadá é un elemento fundamental para o desenvolvemento da Axenda 21. A implicación dos diferentes sectores fornecerá a información e perspectivas precisas para garantir ao máximo potenciais actuacións no marco da Axenda 21 e axudará a concienciación progresiva dos diferentes axentes socioeconómicos, estruturais e ambientais, na medida en que se configuran como partícipes do obxectivo común.

O valor da participación cidadá na Axenda 21 reflíctese nos seguintes aspectos:

- Incorporación da opinión do cidadán na elaboración da auditoría municipal.
- Implicación do público na definición do futuro do concello.
- Motivación para a execución das propostas de actuación concretas e o posterior seguimento e control dos resultados obtidos.

1.2.3 Plan de Acción

O Plan de Acción Local establécese a partir das conclusións e recomendacións presentadas nos documentos anteriores (prediagnose e diagnose).

É unha ferramenta que nos permite executar, dunha maneira coherente e sustentábel, as actuacións dirixidas á mellora do medio.

O Plan de Acción Local componse dos seguintes elementos:



- As liñas estratéxicas que son os grandes eixes previsíbeis para a mellora local e a progresión cara a un modelo de desenvolvemento sustentábel. Deben reflectir a política social, económica e ambiental que rexe a entidade local.
- Un programa de actuación que responda a cada un dos diversos obxectivos que pretende acadar cada liña estratéxica, ademais agrupa distintas accións cun denominador común.
- Os proxectos, que son aqueles traballos e actuacións concretas que se poden realizar para resolver as carencias e incidencias visualizadas durante a elaboración da auditoría.

Unha vez que estean consensuadas e priorizadas as liñas estratéxicas que rexerán o Plan de Acción é preciso crear grupos de traballo arredor de cada unha destas liñas. Estes órganos, en principio, van ser as comisións temáticas; aínda que en función do grao de participación poderase crear un Consello da Axenda 21 no que estean representados todos os colectivos do concello.

Executado o Plan de Acción Local, o Concello de Redondela elaborará un documento no que se recollan os resultados obtidos e as actuacións máis relevantes. A súa finalidade principal é informar a poboación en xeral e a outras administracións. A este documento denomínaselle: declaración ambiental.

1.2.4 Plan de Seguimento

O Plan de Seguimento permite avaliar, controlar e informar da evolución da calidade dos factores ambientais, sociais e económicos e das actuacións que se están a levar a cabo para mellorar o concello. Para isto elaboraranse unha serie de indicadores e crearase un órgano encargado do seguimento do Plan de Acción (que poderá ser o mencionado Consello da Axenda 21 ou cada unha das comisións temáticas).

Ademais, o feito de que a Axenda 21 sexa un proxecto permanente permitirá utilizar os resultados obtidos na avaliación do Plan de Acción Local (grao de execución dos proxectos e de cumprimento dos obxectivos) como base para a elaboración de novos programas de actuación e proxectos, sempre contando coa participación cidadá como elemento fundamental do proceso.



2. O FORMATO DA PREDIAGNOSE

2.1 A IMPORTANCIA DA PREDIAGNOSE

O desenvolvemento sustentábel baséase en tres fundamentos: sustentabilidade ambiental, desenvolvemento económico de forma sustentábel, e un desenvolvemento sociocultural que lles permite a todos os cidadáns alcanzar unha alta calidade de vida. Para cada un destes tres fundamentos, a cidadanía está implicada e a súa participación é imprescindible:

1. No ámbito ambiental, todos consumimos e todos temos un impacto: a crise ambiental na que se encontra o planeta é o resultado do estilo de vida e as demandas de consumo de millóns de individuos. A sustentabilidade ambiental terá implicacións para todas as nosas vidas.
2. Unha economía forte e sustentábel non virá só grazas a decisións políticas: necesita redondeláns capacitados para a súa realización. Unha base fundamental en asegurar que o desenvolvemento económico é sustentábel é a cidadanía.
3. A sociedade somos todos nós. Só nós podemos identificar o que queremos para alcanzar unha boa calidade de vida. A saúde da nosa sociedade e da nosa cultura depende de nós, da nosa forma de vivir e das nosas actitudes.

Polo tanto, o reto de conseguir un desenvolvemento sustentábel implica e esixe a participación de todos. A Axenda 21 refírese non só ao contorno físico e a proxectos físicos, senón tamén ás actitudes e actuacións da xente. É, entón, imprescindible que a auditoría, o estudo do 'punto de comezo', considera non só datos técnicos pero tamén as opinións, prioridades e ideas da xente.

Con ese fin, a prediagnose estivo estruturada para conseguir información representativa de todos os sectores da poboación de Redondela. Ten dous motivos:

- Axudar coa identificación das áreas prioritarias para o Plan de Acción.
- Achegar información de base sobre o nivel de concienciación, o estilo de vida e o nivel de participación da xente ao inicio do proceso, para logo poder facer un seguimento do proceso da A21 e medir a súa efectividade.

O reto de conseguir información detallada ao mesmo tempo que un nivel alto de participación esixía a utilización de varios métodos de consulta. Por un lado, permitir e animar a todos os cidadáns a que participaran esixía unha forma de participar sinxela e sen necesidade de contacto directo cos coordinadores. Por outro lado, facía falta conseguir información e opinións en máis profundidade. Recursos limitados ditaban que esta parte do proceso non podía ser aberta a todos, e entón era importante que fora cunha mostra representativa da sociedade local. Finalmente, era importante recoñecer que vivimos nunha época en que cada vez menos persoas participan no proceso democrático. É esencial buscar as formas necesarias de romper as barreiras tradicionais de participación e intentar acomodar a todos, recoñecendo que diferentes persoas se senten cómodas con diferentes modelos de participar.



Hai que apuntar que con cada método os participantes facían primeiro unha análise da situación actual, desde o punto de vista do desenvolvemento sustentábel, e logo achegaban as súas ideas e suxestións sobre as prioridades para o futuro. Os métodos de consulta foron os seguintes:

2.2 PRESENTACIÓN PÚBLICA

O día 6 de novembro ás 11:30 da mañá realizouse a presentación oficial da Axenda 21 para colectivos e particulares interesados. Alén do equipo de Ecoplanin S.L. contou coa presenza da concelleira de Participación Cidadá, Cecilia Pérez, en substitución do concelleiro de Medio Ambiente que non puido asistir. Tamén se convidara o director xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, máis non apareceu.

En total foron convidados 176 colectivos (ver documentación axunta) que incluían sindicatos, partidos políticos, clubs deportivos, ANPAS, asociacións de veciños, de mulleres rurais, de inmigrantes, ecoloxistas, de consumidores, culturais, de mocidade, de empresarios, confraría de pescadores, fundacións, etc. Aínda que eramos conscientes de que só uns 50 ou 60 colectivos tiñan unha actividade regular, quixemos facer un esforzo e espallar o máis posíbel a mensaxe da convocatoria. Asistiron unhas 20 persoas que representaban a 10 colectivos, máis outras 6 que o fixeron no ámbito particular.

Amais, organizouse unha rolda de prensa —que foi recollida no xornal *Faro de Vigo* e na *Radio Redondela*— o día 4 de novembro para informar do acto e para presentar a campaña dos trípticos.

Creouse a páxina www.redondela21.com para recoller as suxestións dos redondeláns e para fornecer información xeral do proceso da Axenda 21 e sobre calquera actuación ou convocatoria que se fora levar a cabo.

2.3 TRÍPTICOS INFORMATIVOS E ENQUISA

Como ‘primeira liña’ da consulta, editáronse 4.000 trípticos informativos sobre Axenda 21 en Redondela (ver anexo 1). Tiñan o fin de chegar a cantos máis persoas posibles, con estes dous obxectivos:

1. A través da súa parte explicativa informar a gran parte do público, de forma breve e sinxela, o obxectivo e proceso da Axenda 21, e o papel da cidadanía na súa realización.
2. A través dunha enquisa sinxela, conseguir información xeral sobre as percepcións do estado ambiental e socioeconómico de Redondela, e as áreas prioritarias nas que se debería enfocar o Plan de Acción da Axenda.



En cada caso este 'primeiro contacto' era de forma bastante breve e pouco detallado. Así a información mantíñase accesíbel á maioría da xente, e aseguraban que o primeiro paso de participación non esixía un gran compromiso de tempo; persoas interesadas en participar de forma máis profunda ou detallada terían oportunidades de facelo noutras partes do proxecto.

Ao ter participación libre, non podía ser estruturado para asegurar unha representación demográfica da poboación de Redondela, aínda que para facilitar a análise se pediu información sobre a idade, xénero, ocupación e residencia dos participantes.

As enquisas foron repartidas, xunto con caixas de correo para depositalas unha vez cubertas, en 24 locais distintos, distribuídas por todo o concello e polo menos unha por parroquia. Os locais foron escollidos para intentar acceder a unha distribución igualada da poboación do concello, tanto xeográfico como sociocultural e demográfico:

Parroquia de Redondela

- Centro multiusos
- Centro recreativo e cultural de Redondela
- Casa do concello
- Casa da torre
- Centro da terceira idade

Parroquia de Chapela

- Centro multiusos
- Pavillón polideportivo
- Centro de saúde
- Centro cultural e deportivo de Cidadelle
- Círculo recreativo e cultural de Chapela

Parroquia de Cesantes

- Centro de saúde de Redondela
- Lonxa do porto
- Círculo cultural e recreativo

Parroquia do Viso

- Local da Asociación Cultural *Santa María do Viso*

Parroquia de Ventosela

- Local da Sociedade Deportiva e Cultural *A Miñoteira*

Parroquia de Reboreda

- Local da Sociedade Labrega Cultural de Reboreda

Parroquia de Quintela

- Bar situado fronte ao concesionario da Opel (A Costeira)

Parroquia de Saxamonde

- Centro deportivo e recreativo de Saxamonde

**Parroquia de Vilar de Infesta**

- Centro social, cultural, deportivo e de asistencia á 3ª idade

Parroquia de Cabeiro

- Centro social, cultural, deportivo e de asistencia á 3ª idade

Parroquia de Negros

- Centro cultural

Parroquia de Cedeira

- Estación de ferrocarril de Redondela
- Centro social, cultural, deportivo e de asistencia á 3ª idade

Parroquia de Trasmañó

- Centro social, cultural, deportivo e de asistencia á 3ª idade

Para informar os veciños sobre os lugares onde estaban colocadas as caixas e os trípticos contamos coa colaboración de Radio Redondela e do Departamento de Medio Ambiente do Concello. Esta campaña fixouse durante os meses de novembro e decembro de 2004.

Un total de 219 enquisas foron cubertas.

2.4 ACTIVIDADES CONSULTATIVAS

2.4.1 Actividades con rapaces

Ao principio da prediagnose, mozos de 13 a 20 anos foron identificados como o grupo demográfico que probablemente participaría menos nas enquisas e na Axenda 21 en xeral. Ao mesmo tempo foron recoñecidos como un grupo importantísimo para enganchar no proceso, sendo como son a próxima xeración de traballadores, políticos e administradores para o concello. Para promover a súa participación organizouse a seguinte actividade o 25 de novembro 2004, no instituto *Pedro Floriani* en Redondela, con 180 participantes de 12 a 22 anos, e o 21 de decembro 2004, no instituto de Chapela, con 150 participantes de 14 a 15 anos.

Consistiron en dúas partes: primeiro nunha pequena charla introdutoria a grupos de 30 alumnos á vez, sobre o concepto de desenvolvemento sustentábel e as características do proceso da Axenda 21 de Redondela. Logo, na segunda parte, en grupos reducidos (de 6 a 8 rapaces), asistido por un monitor, traballouse en estudar os temas de ‘medio natural’, ‘medio urbano’, ‘a calidade de vida’ e ‘a economía’ no contexto do Concello de Redondela. En cada tema, identificaban os puntos fortes e débiles da situación actual, dende o seu punto de vista, e logo as súas suxestións para o futuro. Cada idea ou suxestión foi colocada, de forma anónima, nunhas táboas grandes, e durante o curso do día as táboas ían acumulando, a través das máis de mil seiscentas ideas colocadas, unha imaxe de Redondela es as prioridades para Axenda 21, dende o punto de vista da súa mocidade.



2.4.2 Actividade pública

Co obxectivo de lle dar unha oportunidade a calquera cidadán/á para contribuír máis información e ideas que fora posíbel na enquisa soa, e de lle ofrecer a calquera cidadán/á outra forma de participar que as enquisas, ofrecéuselle a mesma actividade dos institutos ao público xeral.

Este fíxose o día 6 de febreiro 2005, no palco da alameda de Redondela, durante o horario da feira. Ao ser organizado dese xeito, con cada persoa participando como individuo e durante o tempo que quería, era un formato máis informal que cos institutos. En vez dunha charla introdutoria, había unha explicación, un por un, realizada polos monitores. Nalgúns casos, os comentarios foron escritos polos participantes sen ningún debate cos organizadores, mentres que, noutros casos, os participantes só querían falar, mentres que os monitores apuntaban os comentarios segundo o apropiado.

Participaron sobre 60 persoas, de todas as idades, e contribuíron unhas duascenas ideas en total.

2.5 ENTREVISTAS

Como terceiro formato da consulta, realizouse unha serie de entrevistas con persoas 'claves' da sociedade redondelá. As entrevistas, normalmente un por un, e dunha a dúas horas de duración cada unha, permitían unha análise dos temas de Axenda 21 moito máis profunda que nas enquisas ou outras actividades. Recoñecendo o maior peso que isto significaba para as opinións das persoas entrevistadas, a listaxe das 25 persoas para entrevistar foi seleccionada dunha forma estruturada para asegurar que fose o máis representativa posíbel de todos os intereses, sectores e grupos socioeconómicos e culturais da sociedade, ao mesmo tempo de incluír moitas das persoas que estarán realmente implicadas na implantación do Plan de Acción, unha vez preparado.

As entrevistas compúñanse dunha pequena explicación sobre o obxecto desta e os conceptos de *Axenda 21* e de *sustentabilidade* seguidas dunha conversa individual de entre media e dúas horas. Esta conversa consistiu en cubrir un cuestionario que constaba de tres partes:

1. Unha análise 'FDOA' (determinación das **fortalezas**, **debilidades**, **oportunidades** e **ameazas**) do Concello de Redondela dende tres puntos de vista diferentes:
 - Económico (sectores de actividade, emprego, dependencias, etc.).
 - Sociocultural (participación cidadá, ensino, patrimonio histórico-artístico, actividades culturais, etc.).
 - Ambiental (urbanismo, xestión do lixo, limpeza, espazos naturais, ríos, montes, litoral, etc.).



2. Identificación das **prioridades** para acadar un desenvolvemento sustentábel en Redondela (catro como máximo). Estas prioridades debían ir acompañadas dun *comentario explicativo* e dun feixe de suxestións ou *accións concretas para levar a cabo*, así como da explicitación dos *principais atrancos e colaboracións precisas* de se considerar fundamentais para o éxito ou fracaso da proposta.
3. Recoñecemento dos **grupos de poboación** (no caso de detectalos) que:
 - Se atopan máis excluídos ou participan menos na vida do concello.
 - Producen un maior impacto ambiental ou a súa conduta dista máis dos obxectivos do desenvolvemento sustentábel.

En total, realizáronse 25 entrevistas coa seguinte distribución:

10 concelleiros/as (incluíndo o alcalde):

- Alcalde.
- Concelleiro de Cultura, Protección Civil e Presidencia do Padroado do Conservatorio.
- Concelleira de Muller e Servizos Sociais.
- Concelleira de Benestar Social, Escola Obradoiro, Drogodependencias, Novas Tecnoloxías e Oficina Municipal do Consumidor.
- Concelleiro de Medio Ambiente, Limpeza Viaria e de Praias, Saneamento, Subministración de Auga, Fontes, Parques, Xardíns, Montes, Ribeiras Fluviais e Marítima, Cemiterios, Tratamento de Lixo, Axenda 21 e Presidencia do Consello de Administración de Radio Redondela.
- Concelleira de Participación Cidadá.
- Concelleira de Ensino e Política Lingüística.
- Concelleiro de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local.
- Concelleira do PP.
- Concelleiro voceiro de *Redondeláns Adiante*.

3 Sindicatos:

- Representante da CIG.
- Representante de CC.OO.
- Representante da UXT.

2 Ensino (centros e ANPAS):

- Presidente da federación de ANPAS *Os Viaductos*.
- Directora do instituto IES *Pedro Floriani*.

2 Federación e asociacións de veciños:

- Presidente da Federación de Asociacións de Veciños, Consumidores e Usuarios de Redondela, San Simón.
- Presidenta da Asociación de Mulleres do Rural Agarimo de Chapela.

2 Asociacións socio-culturais:



- Directiva do Centro cultural, social, recreativo, deportivo e da terceira idade de Cabeiro.
- Presidente da Asociación Xuvenil de Santa María do Viso.

2 Asociacións solidarias e alternativas:

- Responsábel da Asociación Entrepobos–Redondela.
- Presidente da Asociación de Consumo Responsable Loira.

Clubs deportivos:

- Presidente do Club Balonmán Chapela.

Asociación de empresarios:

- Presidente da Asociación de Empresarios de Redondela.

Confraría de pescadores:

- Patrón maior da Confraría de Pescadores “San Juan” de Cesantes.

Comunidades de montes:

- Presidente da Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común.

A sobrerrepresentación dos membros da corporación municipal (40 %) xustifícase pola necesidade de contar coa opinión dos 5 grupos políticos existentes así como dos responsábeis das áreas máis directamente vinculadas coa Axenda 21: ambiente, cultura, participación cidadá, servizos sociais, etc.


Estas entrevistas rematáronse ao final do ano 2004 coincidindo co final da campaña dos trípticos.

3. ENQUISAS


3.1 PARTICIPACIÓN

En total 219 persoas cubriron as enquisas. Tiñan as seguintes características:

3.1.1 Participación por Idade




3.1.2 Participación por Residencia





3.1.3 Participación por Ocupación




3.2 RESULTADOS

3.2.1 *Avaliación da situación actual*

Na primeira parte da enquisa, os participantes tiñan que puntuar de 1 (moi mal) a 10 (excelente) unha serie de 19 factores relacionados coa situación actual económica, ambiental e sociocultural.

Como é a vida hoxe en día en Redondela?



Ningún factor tivo unha puntuación media de máis de 6. O máis favorábel era 'a paisaxe', que a pesar de ter unha puntuación alcanza de só 5.9, estaba avaliada nun '10' por case o 25% dos participantes. Esa avaliación do ámbito natural e rural tamén se reflectía na relativamente alta avaliación da 'calidade de aire' e 'ruído'. Non obstante, aínda que no ámbito paisaxístico se vía a Redondela en bo estado, os seus compoñentes



estaban xeralmente vistos en peor estado. 'Montes e ríos igual que 'outros espazos naturais, puntuaban menos de 5, pero, sen dúbida, había maior preocupación polo estado das 'praias e o mar', que tiña unha puntuación media de só 3.5 e que estaba avaliada nun '1' (“en moi mal estado”) por máis de 40% dos participantes. Estes datos quizais reflicten unha conciencia xeral de que aínda que os elementos principais da paisaxe, os que a fan tan valorada e famosa, seguen parecendo bonitos —debaixo da superficie están a sufrir unha deterioración, e o seu estado ecolóxico está bastante mal—.

Quizais relacionado co recoñecemento da deterioración do ambiente era a grande insatisfacción coa 'planificación do urbanismo'. Avaliado como 'moi mal' por case o 30% de participantes, tiña unha puntuación media de só 2.4 e estaba visto como o segundo peor de todos os factores. Dos outros factores relacionados co crecemento do pobo —'tráfico' e 'transporte público'— tamén estaban vistos como moi pouco satisfactorios.

No ámbito de 'acceso a servizos', había bastante satisfacción no ámbito xeral (cunha media de 5.3, o segundo mellor). Non obstante, as preguntas sobre acceso a eses servizos para grupos tradicionalmente marxinalizados mostraban unha insatisfacción moito maior. Para 'xente da 3ª idade', a avaliación máis común era un 5, pero para 'xente discapacitada' e para 'xente nova' a máis común era un 1 (moi mal), votado por case o 50% dos participantes en cada caso. As avaliacións, aínda peores para 'emprego' e para 'facilidade de conseguir unha vivenda' (unha media de 2.7 e 2.5 respectivamente, e máis do 50% de participantes responderon cun 1 en cada caso) mostran unha percepción de que vivir en Redondela está ben para algúns, ou mesmo para a xeneralidade, pero que está moito máis difícil polos marxinados por razóns económicas, demográficas ou socioculturais.

En aspectos sociais, Redondela puntuaba algo mellor. Comparados con outros factores, os participantes apreciaban a relativa falta de crime, e sentíanse como 'parte da comunidade'. Había gran variación de respostas sobre a 'vida de ocio', pero cunha media de 3.7, á maioría parecíalle que podería ser mellor ou máis diversa.


Finalmente, máis do 60% de participantes avaliaban en 0 ou 1 a pregunta “¿O concello escóitate?”, e cunha puntuación media de só 2.4 foi o factor visto como peor de todos os examinados.

3.2.2 As prioridades

Participantes tiñan que identificar dúas prioridades para mellorar a vida en Redondela nos próximos 10 anos.

De acordo, en xeral, coa avaliación realizada na primeira parte da enquisa, as tres prioridades máis citadas eran o fomento de emprego, protección ambiental/recuperación do patrimonio natural, e mellor control/planificación do urbanismo, con máis de 40 votos cada un. Outras catro suxestións recibiron máis de 20 votos cada unha: maior accesibilidade a vivendas, mellorar servizos, mellorar a oferta de ocio, e mellorar o servizo de transporte público.

Prioridades para mellorar a vida en Redondela nos próximos 10 anos




3.2.3 A Ría e O Monte....

Nesta parte da enquisa os participantes tiñan que valorar a importancia de catro diferentes funcións para a ría e o monte.


Para a ría, había diversidade de opinións. A función de 'porto/transporte' tiña menos apoio (só o 11% de participantes o poñía en primeiro lugar, e o máis común era en carto). As outras tres funcións recibiron máis votos: 'natureza/biodiversidade' e 'pesca/marisqueo' eran os máis populares, con máis de 30% cada un, mentres que o 26% dos participantes vían a 'turismo e recreo' como a función máis importante da ría. O feito de que estas tres funcións máis importantes son tamén potencialmente conflitivas, mostra a importancia e a complexidade de atopar o balance en canto á xestión da ría.

Cal é a función máis importante da ría?



Para o monte, había máis concordancia entre as opinións. Máis da metade dos participantes opinaban que 'natureza e biodiversidade' debería ser a función máis importante para o monte, e máis da cuarta parte vían a 'turismo e recreo' como a prioridade. Quizais sorprendentemente, dado o seu uso actual, só o 15% de participantes pensaban que a produción forestal debería ser a prioridade na xestión dos montes.


Cal é a función máis importante dos montes?



3.2.4 O Noso Impacto

Participantes tamén suxerían formas de minimizar o impacto ambiental das vidas dos redondeláns.

Como poderíamos minimizar o noso impacto ambiental?




Control dos efectos do crecemento industrial e urbano foi a suxestión máis citada, e moita xente pedía normas máis estritas e sobre todo mellor implantación desas normas, cunha Administración máis proactiva en inspeccionar e denunciar, ou multar, os que contaminan. Relacionado con iso era un desexo para mellor control e planificación de urbanismo en xeral, con máis respecto para espazos naturais e máis provisión de novos espazos verdes.

Moitas persoas querían ver o concello (ou outros corpos) sendo máis activo na conservación e recuperación de espazos naturais. Recoñecendo unha falta de respecto para o medio entre moitos cidadáns, moitos participantes tamén pedían campañas e proxectos de sensibilización.


A enquisa tamén incluía preguntas específicas sobre como mellorar o nivel de reciclaxe e o uso do transporte público:



Que te faría reciclar máis?



Que te faría utilizar o transporte público máis?



En canto á reciclaxe, a resposta era moi clara: con máis colectores en máis sitios, reciclárase máis, unha opinión compartida por case o 80% dos que participaron. En canto ao transporte público, a opinión estaba algo máis dividida. Case a metade dos que participaron opinaban que con mellores horarios (principalmente máis autobuses e trens e máis fiabilidade en canto a autobuses) utilizarían máis o transporte público. O 30% optaba por máis rutas como a prioridade, sobre todo conectando as parroquias co centro urbano e con Vigo e Pontevedra. Só o 15% de participantes dicían que non usaban transporte público máis porque era demasiado caro.



4. ACTIVIDADES CONSULTATIVAS

4.1 PARTICIPACIÓN

Un total de, aproximadamente, 390 persoas participaron nas actividades, realizadas no instituto *Pedro Floriani* de Redondela (180 persoas), o instituto de Chapela (150 persoas), e na Alameda de Redondela (60 persoas).

Aínda que a actividade en Redondela foi aberta ao público, as outras dúas foron organizadas para alumnos dos dous institutos, polo cal estes resultados reflicten principalmente (pero non exclusivamente) as opinións dos mozos do concello sobre os temas da Axenda 21. A distribución por idade dos participantes foi aproximadamente a seguinte:



A excepción a isto está na análise da economía, que foi unha actividade que só se realizou con alumnos de bacharelato/FP por riba (16 anos como mínimo), e co público xeral de Redondela.

Para facilitar a análise, todos os resultados están presentados xuntos.


4.2 RESULTADOS

4.2.1 O medio natural




Participantes mostraban un gran nivel de apreciación para os diferentes elementos do ámbito natural, e sobre todo para os montes. Vían como algo negativo a súa degradación xeral, pero sobre todo a contaminación de ríos e praias. Como factor principal botábanlle a culpa á agresividade de urbanismo e industria, e a falta de controis para limitar os seus efectos. En canto ao futuro, case todos os participantes querían ver máis protección para todos os espazos naturais de Redondela, coa recuperación das praias e a costa a prioridade (con dúas veces máis votos que a recuperación dos ríos ou os montes, os seguintes máis populares). Un control máis estrito de urbanismo e de industria estaba visto como esencial. Había apoio significativo tamén para un sistema de xestión sustentábel para a ría, ademais de proxectos de sensibilización para ascender que os redondeláns avalien e coiden mellor o seu ámbito natural.

Medio Natural - aspectos positivos






Medio natural - aspectos negativos



Medio natural - prioridades para o futuro




4.2.2 Medio Urbano

O aspecto máis positivo do ámbito urbano de Redondela estaba relacionado coa súa situación xeográfica: un ámbito bonito, os espazos verdes e os parques aínda que bastantes participantes opinaban de que debería haber máis. Relacionado con iso, o 'urbanismo descontrolado', coa destrución de espazos naturais e/ou sen suficiente provisión para novos espazos verdes era dos factores negativos máis citados. A decisión de non permitir construír a cementeira en Rande era moi popular: 14 persoas citábano como un aspecto positivo, e ningún como negativo. A zona vella estaba tamén ben avaliada, e varios participantes preocupábanse polo seu 'abandono' ou da súa falta de protección fronte á ameaza do urbanismo moderno.

Consecuentemente, 3 das 4 suxestións máis populares para o futuro estaban relacionadas co urbanismo: participantes pedían máis control de contaminación e industria, mellor planificación de urbanismo, e máis espazos verdes.


Non obstante, máis do 35% dos comentarios negativos recibidos estaban relacionados con problemas de tráfico e transporte. Tanto a incomodidade de atoamentos ou de non poder aparcar, o perigo e os efectos de contaminación e ruído, como a falta dun bo servizo de transporte público foron os aspectos negativos máis citados. A suxestión para o futuro máis popular de todos foi en mellorar o sistema de transporte público, con máis frecuencia, máis rutas e prezos máis baixos.

Medio urbano - aspectos positivos






Medio urbano - aspectos negativos



Medio urbano - suxerencias para o futuro



4.2.3 **Economía**


A análise da economía só se realizou con, aproximadamente, 150 dos participantes, todos de 16 anos ou máis.

As fortalezas da economía local víanse como produtos da súa situación xeográfica —en primeiro lugar a súa proximidade a Vigo, pero tamén polos seus recursos naturais (sobre todo o mar)—. Non obstante, para moitos a proximidade e dependencia de Vigo e dalgunhas das súas empresas nacionais e internacionais representa unha debilidade, polo seu efecto de converter a Redondela nunha vila dormitorio e pola vulnerabilidade económica que significa depender de empresas grandes que só permanecerán na zona mentres que as condicións económicas o fagan rendible.

En xeral recoñecía-se que había emprego, pero que a predominancia de contratos temporais e malas condicións de emprego, sobre todo para a xente nova, era un gran factor negativo. Para poder garantir traballos máis estables e dignos para o futuro, pedíase máis formación e fomento de emprego, e que o concello fose máis proactivo en promovelos.


Había dúas necesidades en concreto co apoio xeral dos participantes: en primeiro lugar a provisión de máis solo industrial e dun parque empresarial, e, en segundo lugar, o desenvolvemento de infraestrutura para turismo. Moitos reclamaban a falta de hoteis en Redondela.

Economía - aspectos positivos






Economía - aspectos negativos



Economía - suxerencias para o futuro




4.2.4 A calidade de vida

A reacción máis común era ‘vívese ben en Redondela’. Moitos (pero non todos) celebraban a boa provisión de servizos, de que ‘había todo o que se necesita’ na vila. Ao mesmo tempo, o ambiente de vila, en que ‘todo o mundo se coñece’ e en que ‘a xente é boa’ estaba visto como un punto moi positivo. Polo tanto, o tamaño da vila estaba xeralmente visto como ideal —suficientemente grande para ter vida, suficientemente pequeno para seguir sentindo como unha vila, e permitir o desfrute da bonita contorna e do patrimonio natural—.

Moitas persoas, sobre todo rapaces, queixábanse de que para eles a única alternativa aos bares era o botellón. Máis diversidade (en vez de máis cantidade) de actividades e lugares de ocio era por moito a suxestión máis popular para o futuro.


Outros factores negativos bastante citados eran o crime, un mal sistema de transporte público, e a deterioración do contorno e a paisaxe natural, grazas aos efectos do urbanismo mal planificado. Cada un destes factores tiña unha variedade de suxestións para a súa solución.

Calidad de vida - aspectos positivos






Calidad de vida - aspectos negativos



Calidad de vida - suxerencias para o futuro





5. ENTREVISTAS

Nas seguintes táboas exprésanse agrupadas e ordenadas por frecuencia as opinións dos 25 entrevistados.

5.1 ANÁLISES DE FORTALEZAS, DEBILIDADES, OPORTUNIDADES E AMEAZAS

5.1.1 *Economía*

A proximidade de Vigo e do mar foron identificadas como dous factores fundamentais na avaliación do potencial económico de Redondela. Os beneficios de estar cerca de Vigo vense, por exemplo, coa fábrica de Citroën: créase emprego directo para os redondeláns, pero tamén sostén unha cantidade de empresas auxiliares significativas, en Vigo e no Concello de Redondela mesmo.


Non obstante, para algúns entrevistados, a sobredependencia en Vigo representaba unha debilidade. Por un lado, existe a ameaza de que Redondela se converte nunha vila dormitorio —un cambio que segundo algúns xa está pasando—. Por outro lado, a dependencia en fabricas grandes e multinacionais, que só permanecerán aquí mentres que as condicións económicas globais o fagan rendible, é outra vulnerabilidade. Redondela xa sufriu o peche da fábrica téxtil *Regojo*: algúns entrevistados temían que o traslado de, por exemplo, Citroën tería un efecto parecido.

A proximidade de Vigo tamén aumenta os beneficios directos de estar situado ao lado do mar, sobre todo para o sector da pesca, principalmente de altura e de conxelados, pero tamén de baixura e marisqueo. Aínda que o sector de pesca se considera como gran fortaleza para Redondela, existe preocupación sobre a súa sustentabilidade dentro do contexto de cotas internacionais cada vez máis estritas, e da degradación local da Ría de Vigo. Relacionado con esa degradación da Ría existe o parecer de que non se aproveita o potencial turístico da zona. Representa unha grande oportunidade para o futuro, pero, por unha parte, a gran falta de infraestrutura (non hai ningún hotel na zona urbana de Redondela, por exemplo) impide a súa realización agora, e por outra parte a degradación progresiva do patrimonio natural empeza a limitar ese potencial para o futuro.

A historia e tradición do sector téxtil en Redondela tamén se considera como gran fortaleza, aínda que de menos importancia agora que hai 30 anos, é substituída cada vez máis pola construción e o comercio.


Sen dúbida, a debilidade da economía recoñecida como máis importante é a falta de solo industrial e un parque empresarial en concreto. Dos 25 entrevistados, 17

identificábanos como un factor importante, e moitos deles opinaban que a oportunidade de crear un sería un importante motor económico para o futuro.




Opinións:

1. **Área de influencia de Vigo.** Destácanse a proximidade de Pontevedra e dos concellos industriais do Porriño e de Mos, a creación da futura área metropolitana de Vigo, as boas comunicacións, a situación costeira do concello e a pertenza de Vigo ao Eixo Atlántico.
2. **Sector da pesca de altura e do conxelado.** Destácase a presenza de Pescanova e outros grupos industriais fortes na parroquia de Chapela aínda que hai quen opina que a súa importancia é bastante menor na economía do concello que a da fábrica de automóbiles Citroën.
3. **Sector téxtil.** Varias opinións resaltan que se trata dunha actividade económica en gran parte mergullada mentres que outras comentan que se atopa en decadencia.
4. **Sectores pesqueiro de baixura e marisqueiro.** Algunhas opinións fan referencia a que se atopa en decadencia e que se trata dunha fortaleza pouco determinante na economía do concello.
5. **Comercio.**
6. **Sector da construción.**
7. **Fábrica da Citroën de Vigo/auxiliares da Citroën no concello.**
8. **Peso industrial mediano.**
9. **Presenza dunha agricultura de subsistencia.**
10. **Equilibrio entre o patrimonio natural e cultural, a industria, o comercio e os servizos.**
11. **Ningunha.**
12. **NS/NC.** Non sabe ou non contesta.




Opiniós:

1. **Falta dun parque empresarial/solo industrial/tecido industrial.**
2. **Falta de infraestruturas viarias e mal estado de conservación das existentes.**
3. **Desaproveitamento de recursos turísticos.** Coméntase a feble infraestructura turística destacando a inexistencia de hoteis no concello e a falla dun plano turístico axeitado.
4. **Ausencia de planificación urbanística.** Destácanse dous fenómenos presentes no concello: a especulación urbanística e a destrución do patrimonio. Bótase en falta a existencia dun plan urbanístico e de vivenda.
5. **Ineficacia na xestión municipal/alto grao de endebedamento municipal.** Coméntase a ausencia de iniciativas innovadoras por parte da Administración municipal e a pouca presión que se fai sobre outras administracións para conseguir bos resultados (axudas, subvencións, compromisos, colaboracións, etc.)
6. **Presenza de numerosas barreiras arquitectónicas,** sobre todo en Chapela (autoestrada, vías do tren, etc.).
7. **Falta de emprego/necesidade de ir traballar aos concellos veciños.**
8. **Falta de servizos xerais,** preferentemente no caso de novas construcións (industriais e de vivenda): transporte público, recollida de lixo, depuración e saneamento, fontes de información, etc.
9. **Descoido da economía alternativa.** Póñense como exemplo os oficios tradicionais.
10. **Dependencia de Vigo/cidade dormitorio.** Moita xente non fai vida no concello e ademais gasta os cartos fóra del, especialmente os habitantes de Chapela.
11. **Escaseza e descoido do pequeno comercio.**
12. **Dispersión da poboación/condicionantes orográficos.**
13. **Tránsito malo.** O que obriga, por comodidade, a mercar en grandes superficies.
14. **Precariedade laboral sobre todo entre a xuventude.** Faise referencia á dificultade de emancipación dos mozos e á perda de poder adquisitivo do conxunto dos traballadores.
15. **Baixa cultura empresarial e emprendedora.** Non se ten conciencia da necesidade dos redondeláns por investir na súa vila.
16. **Mala distribución da riqueza no ámbito global.**
17. **Eliminación do sector téxtil.** Sector vido a menos que na altura persiste fundamentalmente como economía mergullada.
18. **Perda da importancia pesqueira.** Coméntase a mingua na pesca de baixura e o traslado da actividade da lonxa de mariscos a Moaña.
19. **Traslado de empresas.**
20. **Alta taxa de emprego con baixa formación.**
21. **Mantemento da peaxe da AP-9 en Chapela.**
22. **Valoración global negativa como no resto de Galicia.**
23. **NS/NC.**



Opinións:

1. **Incorporación de novos vieiros** como a circunvalación da zona urbana de Redondela e a mellora do trazado da N-555 que comunica a vila co aeroporto.
2. **Desenvolvemento do sector turístico.** As opinións decántanse por un turismo de calidade baseado nos valores ambientais e culturais do concello e non estacional. Alén diso, un entrevistado cre precisa a construción dun hotel na vila.
3. **Redacción e aprobación do PXOM.** Considérase a ferramenta básica para a planificación do territorio e a mellora do urbanismo actual. Deséxase que garanta a conservación dos “poucos encantos que fican no concello”, que procure a habitabilidade e a harmonía das actuacións urbanísticas en todas as parroquias.
4. **Economía sustentada e procura de novos medios de creación de riqueza** cementados nos recursos propios: montes, paisaxe, muíños, xacementos arqueolóxicos, ría, etc. Sempre respectando o medio e desenvolvendo plans de potenciación dos ditos recursos.
5. **Puxar polo pequeno comercio.** Fomento dun centro comercial aberto e unha área comercial para non ter que ir mercar a Vigo.
6. **Apostar polas empresas colectivas e non pola industria pesada.**
7. **Priorizar servizos para os cidadáns.**
8. **Puxar polo comercio xusto.** A esta altura aínda non hai este tipo de tendas en Redondela.
9. **Fomento das actividades culturais.**
10. **Creación dun parque empresarial** con bos servizos e sen “industrias contaminantes”. Algunha opinión refírese ao proxecto do Chan das Pipas aínda que outras manifestan o seu temor polos lugares escollidos e o xeito en que se adoitan realizar estes proxectos. Considérase fundamental definir uns espazos industriais no concello.
11. **Axudas aos empresarios que queiran investir no concello.** Fornecer atractivos para favorecer a entrada e o movemento do capital.
12. **Fomentar as actividades deportivas na ría** como o remo ou a vela lixeira. Considérase que este tipo de usos contribuiría a evitar proxectos como o da “cementeira de Rande”.
13. **Troco do equipo de goberno.**
14. **Mellor funcionamento do aeroporto.**
15. **Especialización da economía do concello arredor do sector téxtil.**
16. **Variedade de empresas dentro dunha área de influencia activa.** Saliéntase a oportunidade que supón a creación da área metropolitana de Vigo.
17. **Aproveitamento integral da ría:** pesqueiro, marisqueiro, deportivo e do turismo de calidade e preservación da súa biodiversidade.
18. **Respectar e facer cumprir os obxectivos e directrices da Axenda 21.**
19. **Puxar polo sector pesqueiro e marisqueiro.**
20. **Mellorar a formación da cidadanía.**
21. **Ningunha.**
22. **NS/NC.**



OPINIÓNS:


1. **Consolidación do concello dormitorio/dependencia de servizos de Vigo.** Crese que a evolución actual levará a que a vila de Redondela, e en xeral todas as parroquias do concello, rematen por se comportar como áreas periféricas da cidade de Vigo, se non se aproveitan as oportunidades actuais.
2. **Progresivo abandono da economía tradicional e descoído da economía alternativa actual.** Póñense como exemplo os mariñeiros e mariscadores e a situación da feira de gando.
3. **Redución do ritmo de investimento dos empresarios no concello.**
4. **Falta de iniciativa da Administración municipal.**
5. **Empeoramento do tránsito.**
6. **Progresiva degradación da ría.** Destácase, por esta orde, a contaminación, os recheos e a sobreexplotación dos recursos.
7. **Traslado de empresas dentro dunha economía global.** En concreto témense as consecuencias dun hipotético peche da factoría da Citroën, como aconteceu co peche da fábrica téxtil *Regojo*.
8. **Remate ou forte redución dos fondos europeos.**
9. **Anarquía na colocación de industrias/falta de planificación territorial.**
10. **Tendencia negativa** resumida na frase: "Imos a peor".
11. NS/NC.

5.1.2 Sociedade e cultura

Existía concordancia xeral de que Redondela posúe unha tremenda riqueza de patrimonio sociocultural, e que, en moitos aspectos, iso se mantén vivo, manifesto no calendario completo de festas tradicionais, gastronómicas e culturais; un orgullo e interese nas tradicións e o folclore; e nas 60 asociacións activas no concello. Como en moitas vilas galegas, hai unha tradición de participación que sempre asegurou que a cultura sobrevive e crece de xeración en xeración. Varios entrevistados tamén fixeron mención á boa infraestrutura educativa como fortaleza importante.


Non obstante, varios dos entrevistados mostrábanse preocupados por esa cultura cara ao futuro, e, en xeral, as preocupacións reflectían cambios socioculturais máis amplos e comúns en moitas sociedades europeas. 'A xente participa cada vez menos' e 'a xente interésase cada vez menos polo seu patrimonio' reflicte unha sociedade que está cada vez máis móbil, na que coñeces a cada vez menos dos teus veciños, dominada cada vez máis polo traballo etc., e en que a cultura xeral é cada vez máis conformista e homoxénica.

Neste contexto, algúns opinaban que habería que investir e apoiar máis para manter a cultura viva: na conservación, celebración e educación do patrimonio, e en iniciativas locais de individuos ou asociacións, e, sobre todo, de mozos. Un auditorio novo tiña bastante apoio entre os entrevistados. A forma en que creza o pobo, e a planificación do urbanismo de aquí en diante tamén estaba visto como algo fundamental. Unha vila dormitorio, dominada por chalés no rural e con cada vez máis deterioración do patrimonio natural faría promoción dunha sociedade menos interactiva, participativa e consciente do seu patrimonio que unha vila resultado dunha planificación e desenvolvemento máis integral.



OPINIÓNS:

1. **Boa infraestrutura educativa**, sobre todo comparada coa mala situación do país.
2. **Sociedade participativa**. Aínda que se apunta a que en moitas ocasións faltan as canles de difusión e que a resposta é moi variábel: boa nas festas —en especial nas gastronómicas— e baixa noutros actos.
3. **Compromiso co pobo saharauí** a través das actividades do programa Solidariedade co Pobo Saharauí.
4. **Actividades culturais e festas/preocupación polas tradicións e o folclore**. Destácase o alto orzamento da Concellaría de Cultura e incluso se cualifica o concello como referente en Galicia. Noméanse en concreto as festas do Choco e da Coca, o Ciclo de Teatro, o Festival de Títeres e as Noites Máxicas.
5. **Asociacionismo**. Valórase positivamente o convenio cultural interparroquial, os consellos sectoriais e os parroquiais, o número de asociacións e o nivel de actividades existentes, sobre todo en Chapela e Redondela.
6. **Bastantes actividades para os rapaces**. Considérase positivo que as actividades estean enfocadas a distintas idades e que case sempre sexan de balde. Tamén se comentan como moi interesantes algunhas iniciativas dos colexios como a organización de charlas de profesionais —mariñeiros e outros— dirixidas aos rapaces.
7. **Xuventude mellor preparada** tanto no nivel cultural como de respecto polos demais.
8. **Importante patrimonio histórico, etnográfico e arqueolóxico**.
9. **Frecuente edición de libros e presenza de escritores locais**.
10. **Orgullo de ser redondeláns**.
11. **Existencia de parques e lugares para o encontro**.
12. NS/NC




OPINIÓNS:

1. **Sociedade redondelá pouco participativa e apática.** Fanse un feixe de comentarios verbo desta observación: a xente é excesivamente conformista, pouco activa e quere todo feito; os veciños procuran resultados inmediatos e se non os logran non continúan; trátase dun problema xeral na sociedade actual; os pais agora non participan; a xente que vén de fóra do concello non se involucra; moitas veces as malas relacións veciñais impiden a participación; a vida política está bastante afastada dos cidadáns; as forzas sociais e culturais non se implican abondo, etc.
2. **Cultura escasa, continuísta e dirixida á galería.** Coméntase que se bota en falta máis promoción dos artistas redondeláns, que non hai un local para os colectivos nin existe apoio abondo para os centros culturais. Outro comentario refírese á mala xestión cultural actual tendo en conta o importante orzamento co que se conta.
3. **Infrautilización e falta de servizos municipais.** En concreto destácase o mal funcionamento do multiusos de Chapela, a falta de persoal na biblioteca de Cabeiro, a inutilización do local municipal Carballo en Chapela, a necesidade dun pavillón novo na vila de Redondela e de máis instalacións deportivas polas parroquias, a escaseza de computadores destinados ao servizo público, a antigüidade da maioría das instalacións educativas e a necesidade de mellora de moitas instalacións culturais.
4. **Descoñecemento e abandono do patrimonio.** Saliéntase a destrución do patrimonio por causa da especulación, o urbanismo desastroso dos últimos anos, o abandono do campo de mámoas do monte Penide, dos petróglifos de Trasmañó e dos roteiros para camiñantes, a falta de información dos propios veciños sobre o patrimonio que posúe a súa parroquia (onde se atopa, cal é o seu significado histórico e o seu valor actual).
5. **Emigración da xente nova.**
6. **Falta de canles de difusión para a participación.** Explicase que a experiencia pon de manifesto que non abonda cos funcionarios, os consellos municipais e os medios de comunicación como *Radio Redondela*.
7. **Sociedade despreocupada polos problemas da xuventude.** En especial os propios pais.
8. **Falta de puntos de encontro, parques infantís e zonas verdes en Chapela.**
9. **Concello dormitorio e dividido en dous bloques.** Noméase como máximo expoñente a parroquia de Chapela e afirmase que unha parte do concello vive mirando a Vigo (Chapela, Trasmañó e parte da parroquia de Cedeira) e o resto das parroquias arredor da vila de Redondela, o que repercute na vida social do concello.
10. **Problemas formativos cos maiores e na formación profesional.** É case inexistente o ensino para adultos e tampouco se aproveitan os coñecementos e experiencia da xente maior para lles aprender aos máis novos. En canto á formación profesional, afirmase que debería de responder mellor ás necesidades do concello: téxtil, hostalaría, etc.
11. **Movemento socio-cultural pequeno.**
12. **Movemento veciñal pouco constante e dependente das circunstancias políticas.**
13. **Nula oferta deportiva pública/non se fomenta o deporte.**
14. **Atracción do urbano fronte ao rural.** Os rapaces de bacharelato e FP prefiren estudar en Vigo que na súa vila (alén de, nalgúns casos, ter mellores comunicacións).



15. **Sociedade machista.** A sociedade atópase condicionada pola educación que recibiu. Cómpre unha actualización dos roles.
16. **Ensino do galego e, en xeral, da cultura galega excesivamente folclórico e pouco formativo.**
17. **Falta dun movemento asociativo na vila de Redondela** o que provoca problemas de interlocución social.
18. **Ausencia de servizos municipais en Chapela.** En concreto, requírese unha oficina municipal para facer xestións básicas e unha patrulla municipal as vinte e catro horas.
19. **Dependencia de servizos de Vigo.**
20. **Malestar veciñal polos altos soldos dos concelleiros do Goberno municipal.**
21. **Servizos básicos deficientes** como a subministración eléctrica na parroquia de Cabeiro e a sinalización de estradas.
22. **Actuacións do concello a curto prazo e localistas,** sen pensar nos turistas de fóra.
23. **Ningunha que destacar.**




OPINIÓNS:

1. **Promover a cultura non clientelista/funcionamento do concello como coordinador das parroquias.**
2. **Potenciar os traballos e estudos do patrimonio cultural e do medio natural** e usalos como ferramenta de xestión local.
3. **Resolver os límites municipais cos concellos limítrofes.**
4. **Fomento das bibliotecas públicas nas parroquias.** Non centralizar todo na zona urbana.
5. **Promover a colaboración cidadá.** Cómpre destinar partidas orzamentarias máis grandes e realizar convenios parroquiais.
6. **Potenciar os recursos endóxeos fomentando o coñecemento destes.** En particular propónse desenvolver todas as potencialidades do patrimonio cultural e natural redondelán: a illa de San Simón, a utilización como sendeiro peonil do viaduto de Madrid e os restos arqueolóxicos —proponse a creación dun parque temático no monte Penide, a potenciación dos petróglifos de Ventosela e a construción dun museo etnográfico e unha biblioteca de documentos antigos—.
7. **Consecución dunha economía sostida cunha sociedade activa de cidadáns ben formados.** Confíase na xente nova.
8. **Darlle un pulo cultural ao concello.** Conseguir ser un referente cultural fomentando a cultura de base e rexeitando a cultura “comercial”. Solicítase a creación de novos programas culturais.
9. **Fomentar a “educación para o desenvolvemento”** tanto formal como non formal. Póñense como exemplo os scouts de Redondela e propónse a creación dun Consello Municipal de Educación e/ou outro de Cooperación.
10. **Fomentar o coñecemento das actividades que realizan as asociacións.** En concreto propónse levar este coñecemento ao ensino formal xa que se coída que enriquecería moito os rapaces do concello. Tamén se propón a creación de novos espazos culturais.
11. **A Administración municipal debe apoiar as iniciativas da sociedade e sobre todo da mocidade** e non mirar tanto a rendibilidade económica ou política.
12. **Potenciación do uso do galego.**



13. **Coñecer a orixe das festas e da historia do concello/potenciar a cultura de base.** Deséxase un maior esforzo para fomentar o coñecemento dos elementos do seu do concello en substitución do excesivo gasto en verbenas e lanzamento de foguetes.
14. **Canalizar e favorecer a participación por medio das asociacións,** en especial na vila de Redondela.
15. **Creación da figura do valedor veciñal.**
16. **Axudar as asociacións máis activas e fornecer dun orzamento a Federación de Asociacións Veciñais** como acontece no Concello de Vigo.
17. **Signalizar os sendeiros e a toponimia,** sobre todo no rural, e co obxectivo de favorecer o achegamento da xente.
18. **Potenciar o deporte colectivo para os mozos.** Recoméndase buscar fórmulas para favorecer o primeiro contacto e fomentar as actividades dos nenos fóra do horario escolar.
19. **Creación dunha fundación no ámbito do concello para que todos os nenos poidan facer deporte de balde.** Trátase de imitar o modelo *Siareiros* de Vigo.
20. **Potenciación do Camiño de Santiago co apoio da Consellaría de Cultura.**
21. **Apoio ás mulleres** dándolles facilidades para evitar as actuacións violentas.
22. **Favorecer o coñecemento e o aprecio dos novos polo concello.** Cómpre procurar novas fórmulas de atracción para evitar que Redondela se converta nunha futura cidade dormitorio.
23. **Manter e mellorar as boas relacións sociais.**
24. **Fornecer vivendas máis baratas.** Tamén se comenta a necesidade de ofertar vivendas de protección oficial pero, en ambos os casos, de calidade e “non colmeas”.
25. **Facer un esforzo na educación das persoas, na coherencia e no diálogo.**
26. **Viaxar para coñecer como se fan as cousas noutros lugares.** Por exemplo, ver como se conserva o patrimonio e se urbaniza en harmonía co contorno procurando a calidade de vida dos cidadáns.
27. **Puxar por unha cultura máis cosmopolita** tentando, entre outras cousas, atraer grandes eventos.
28. **Construción do auditorio de Redondela** cunha capacidade de arredor das 700 prazas.
29. **Complementar servizos coa cidade de Vigo.**
30. **Rachar coa “cultura do tixolo” imperante na actualidade.**
31. **Mellorar o ensino público** con máis formación do profesorado, gratuidade dos libros de texto e máis profesionais de apoio: orientadores, psicólogos, etc.
32. **Mellora da asistencia aos maiores.**
33. NS/NC.



OPINIÓNS:

1. **Risco de “incultura”** por mor do “amiguismo”, a “falta de seriedade” e o “escurantismo” nas actividades socio–culturais do concello. Tamén se cita o risco de “acomodación” por parte dos implicados na dinamización socio–cultural do concello.




2. **Cultura do tixolo e do cemento.** Destácanse feitos como o de permitir construír porque non exista unha norma que o prohiba taxativamente e incluso existindo estas normas. Noméase tamén a desprotección dos espazos de máis valor do concello —non existe normativa para evitar que se estraguen—. Nesta liña coméntase a forte ameaza que supón o urbanismo actual e a preocupación por unha deterioración do patrimonio natural aínda maior.
3. **Participación da sociedade baixa** limitándose en moitos casos ás festas. Alén diso, un comentario fai referencia a que a xente do rural non é moi participativa.
4. **Funcionamento dos consellos parroquiais.**
5. **Invasión de chalés no rural/formación de vilas dormitorio,** o que reducirá a vida social do concello.
6. **Falta de interese dos mozos pola cultura, a participación e o respecto polos bens públicos** —en especial do mobiliario urbano—.
7. **Abandono do uso da lingua galega** sobre todo no caso dos máis novos.
8. **Pouca intelixencia de futuros gobernantes** por non se decatarse da necesidade de protección dos recursos naturais e do patrimonio —en contra das tendencias actuais e da opinión dos científicos— e que se continúen a provocar novas desfeitas.
9. **Que o concello siga parado.**
10. **Declive da Festa do Choco.**
11. **Ningunha que destacar.**
12. **NS/NC.**

5.1.3 Medio ambiente

Igual que co patrimonio cultural, había concordancia de que Redondela posúe, grazas á súa situación xeográfica, unha tremenda riqueza natural. A combinación de ría e costa con montes e ríos, e a proximidade de cada elemento ás zonas urbanas, ofrece unha diversidade e unha paisaxe espectacular. Ao mesmo tempo, había concordancia tamén en que ese patrimonio natural estaba degradado, e de que esa degradación e contaminación seguía pasando, sobre todo na ría.


Moitos dos entrevistados citaban a falta de planificación do urbanismo como causa principal, e moitos recoñecían a necesidade de adoptar o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Algúns temían que a ‘cultura de cemento’ seguía sen freos, e aínda que celebraban a decisión de non permitir a cementeira en Rande, temían a aparición doutras instalacións no futuro. Recoñeciase o problema de tráfico, coa contaminación, ruído e impacto ambiental que iso significa, e varios reclamaban melloras no transporte público. Outro factor negativo identificado por varios foi a sucidade xeral, tanto de zonas urbanas como rurais, e recoñecían a necesidade de mellorar o sistema de limpeza e recollida de lixo.

Os ríos, aínda que moi degradados, estaban vistos como recuperables, pero necesitaríase una Administración máis proactiva para realizar esta recuperación. A predominancia de especies alóctonas nos montes estaba vista como unha ameaza seria á biodiversidade, e un sistema de xestión de montes máis ‘ecolóxico’ considerado como algo esencial. Considerábase que a degradación da ría é algo máis complicado: os procesos naturais e artificiais que lle afectan son máis complicados, e o gran número de municipios que lindan coa ría de Vigo significan que a acción unilateral por parte de, por exemplo, o Concello de Redondela, tería valor limitado. Unha estratexia de xestión integrada e sustentábel para a ría no ámbito de mancomunidade é a prioridade.



OPINIÓNS:

1. **Os montes periurbanos.** Saliéntase que son un bo recurso para o lecer ao tempo que se realiza un aproveitamento forestal. Outras opinións sinalan que, en xeral, os montes están ben coidados, que as talas se controlan e que, nalgunhas comunidades de montes, se desenvolven plans forestais co visto e prace da Consellaría de Medio Ambiente.
2. **Situación xeográfica positiva/medio natural herdado de gran valor.**
3. **Litoral moi aproveitábel/gran valor dos areais.**
4. **Colectores de recollida suficientes nas zonas urbanas.**
5. **Poucos ruídos no concello.** A vila de Redondela tampouco é moi ruidosa agás “o funil” e a zona de Santa Mariña.
6. **Aceptábel transporte público na parroquia de Chapela,** sobre todo nas conexións con Vigo e Redondela.
7. **Aumento da construción nos derradeiros anos.**
8. **Existencia de áreas de espallamento/núcleo urbano cómodo e con boa calidade de vida.** Considérase que existen bastantes áreas de espallamento —de gran valor educativo e humanizador— na vila e no seu contorno. Valórase tamén como positivo o tamaño da vila e a presenza de bastantes servizos públicos a pouca distancia como, por exemplo, os institutos.
9. **Rede de saneamento bastante avanzada.**
10. **Mellora da conciencia e respecto polos valores ambientais** grazas, en parte, ao traballo feito nos últimos anos.
11. **Existencia dun feixe de espazos naturais aínda ben conservados ou recuperábeis.**
12. **Consecución da non instalación da cementeira en Rande** fundamentalmente pola presión social.
13. **Poucas ou ningunha/a tendencia é a peor.**
14. **NS/NC.**






OPINIÓNS:

1. **Todas:** degradación de praias, montes e ríos e inexistencia de plans de recuperación destes. Desinterese da Administración municipal pola conservación do medio.
2. **Ausencia dun transporte urbano metropolitano** que conecte os principais núcleos urbanos do concello co exterior e que, asemade, se atopen conectados con todas as parroquias. Transporte caro, sen servizo nocturno e, agás na parroquia de Chapela, totalmente insuficiente. Desaproveitamento da rede do ferrocarril (estación de Redondela e apeadoiros de Chapela, Redondela e Cesantes).
3. **Saneamento incompleto e deficiente.** Destácase a situación existente na parroquia de Chapela con múltiples vertidos aos ríos e á praia de Arealonga e cunha vella rede de caneiras de fibrocemento. Tamén se comenta que entre 6 e 8 parroquias seguen sen rede de sumidoiros nin outros servizos alén do mal funcionamento das depuradoras de Redondela e Teis-Chapela.
4. **Ría e enseada moi contaminada.** Provoca afeccións ao marisqueo e, en xeral, a toda a sociedade. As praias atópanse cada vez máis degradadas e o litoral sofre unha forte especulación —“constrúese sen control”—. Amais, hai vertidos a miúdo e séguese a aterrar a ría. Algúns comentarios apuntan ás tentativas de construción dunha cementeira nun espazo protexido como é a enseada de San Simón e outros refírense a que só no verán se limpan os areais. Existen informes científicos que advirten do alto grao de contaminación e degradación da ría.
5. **Ríos degradados.** Hainos moi contaminados polos continuos vertidos o que levou a que, xunto coa destrución das ribeiras polos aterramentos, canalizacións e pechamentos, desaparecera a pesca.
6. **Certo abandono dos montes dalgunhas parroquias** onde son frecuentes os incendios e só se realiza un aproveitamento madeireiro baseado na explotación do eucalipto.
7. **Mala planificación do tránsito privado/infraestruturas obsoletas.** Reflexiónase sobre a necesidade dunha planificación da rede viaria e, en concreto, dun viero de circunvalación da vila de Redondela.
8. **Exceso de ruidos polo tránsito de vehículos,** en especial na parroquia de Chapela. Denúnciase que existe un excesivo número de vehículos privados e que “a xente colle o coche para todo”.
9. **Falta de calidade do servizo de recollida de lixo e de limpeza** sobre todo no rural. Tamén se constata a falta de información sobre todo o proceso de xestión dos residuos e o baixo grao de concienciación da xente. Coméntanse as escasas campañas existentes sobre este tema e a falta de colectores de reciclaxe, en especial no rural e na zona dos institutos.
10. **Non existen espazos para bicicletas.** Non hai nin “carrís bici” nin prazas de aparcadoiro.
11. **Contaminación provocada por instalacións industriais non controladas/permisividade ante os delitos ambientais.**
12. **Urbanismo desastroso.** Ao respecto realízanse varios comentarios: a vila de Redondela “antes era bonita”, Chapela “é horribel” ou “está desfeita”, o urbanismo “é mellorábel”, a zona vella “está estragada” ou “está a esmorecer”, constrúense “mamotretos” en rúas estreitas, non hai sentido da estética, non se sancionan as infraccións e o urbanismo é “desenvolvedor”. Respecto ao rural coméntase que actualmente adoce de identidade e que se constrúen chalés sen que a zona teña os servizos indispensábeis.
13. **Descoido dos parques e mobiliario urbano por parte dos veciños.** Faise referencia a que cómpre concienciármonos de que as cousas do concello son de todos. Tamén se comenta que fan falta novas zonas verdes e parques infantís.
14. **Falta de planificación territorial, adiamento do PXOM** o que leva a unha política de “deixar facer”.
15. **Falta de servizos básicos en varias parroquias:** beirarrúas, iluminación pública, etc.
16. **Falta de información e formación da poboación sobre temas ambientais.** Destácase a ignorancia dos paisanos sobre moitos temas que até hai pouco non preocupaban na sociedade e a pouca atención que lle prestan ao medio os axentes sociais. Tamén se comenta que a poboación en xeral descoñece cales son as especies autóctonas e os principais valores ambientais do concello.
17. **Concellaría de Medio Ambiente pouco activa** sobre todo no caso das denuncias dos veciños. É precisa unha excesiva reiteración das denuncias para actuar.
18. **Falta de debate público sobre o futuro que se quere para o concello.** Lémbrense acontecementos pasados como a polémica decisión de construír o aparcadoiro da Xunqueira no canto de recuperar o seu valor ambiental.



19. **Pensamento individualista imperante na sociedade/falta de concienciación da xente.** Estes comportamentos vense reforzados polo mal exemplo que dá a Administración local fundamentalmente no referido á permisividade existente fronte ás agresións ambientais.
20. **Estado péximo dos sendeiros.** Destácase que moitos son intransitábeis polos pechamentos ilegais de fincas e que outros están alterados ao cementárense. Solicítase o acondicionamento de lugares valiosos do patrimonio natural pero sen deterioralos.
21. **Persistencia de vertedoiros incontrolados por todo o concello.** Trátase dun problema de educación e de fornecérense zonas de vertido de entullo por parte da Administración municipal.
22. **Mobiliario urbano heteroxéneo e non harmónico co contorno.**
23. **Desaproveitamento do turismo ambiental,** sobre todo na ría.
24. **Infraestruturas para o servizo de Vigo provocan graves impactos ambientais en Redondela:** futura liña do AVE, proxecto de construción dunha autovía, autoestrada, liñas de alta tensión, etc.




OPINIÓNS:

1. **Recuperación do medio natural para posteriores aproveitamentos:** turístico, deportivo, marítimo, turismo de natureza, etc. É necesario contar cun hotel.
2. **Construción dunha nova rede xeral de saneamento en Chapela e recuperación dos ríos da parroquia:** camiños, vexetación, etc.
3. **Mellora do transporte colectivo.** Proponse a realización dun estudo serio das necesidades de cada parroquia, a mellora do transporte para os escolares e do interparroquial utilizando microbuses e prolongar as liñas de Vitrasa até San Vicente de Trasmañó e Cidadelle.
4. **Planificación das infraestruturas viarias** no novo PXOM. Solicítase o deseño de novos vieiros de, polo menos, dez metros de ancho e non o asfaltado de camiños existentes. Tamén se reflexiona sobre a necesidade dunha estrada de circunvalación.
5. **Recuperación da liña do ferrocarril como corredor verde** unha vez que a nova liña do AVE a inutilice.
6. **Potenciación dos deportes náuticos e do turismo en xeral.**
7. **Supresión ou mitigación dos ruidos do tránsito de vehículos** ao igual que se fai cos bares. Pídense máis accións educativas que coercitivas.
8. **Restrición do uso do vehículo privado nos centros urbanos e potenciación de formas de transporte alternativas:** bicicleta, tranvía, ferrocarril, autobús, etc. Solicítase a construción dun carril-bici na vila de Redondela.
9. **Solución global á degradación da ría** e á perda do seu alto valor natural e paisaxístico. Cómpre procurar o equilibrio entre os intereses ambiental, turístico, extractivo, industrial e de transporte. Hai que facer efectivas as figuras de protección da ría como a Rede Natura 2000. Débense poñer en valor os recursos sen estragar o medio e sen afectar as actividades extractivas. En todo caso, é preciso realizar limpeza do litoral a miúdo e ao longo de todo o ano. Cómpre mellorar o litoral facendo actuacións de recuperación, expropiando e creando algunha pequena infraestrutura de baixo impacto para o lecer dos veciños. Saliéntase tamén que a mancomunidade pode ser o órgano ideal para lograr o consenso.



10. **Mellora da información dos veciños en temas ambientais** especialmente no tema da xestión de residuos e dos procedementos para denunciar danos ao medio.
11. **Máis eficacia no control dos delitos contra o medio.** A Administración municipal debe facer presión máis, de xeito que a política sexa fundamentalmente preventiva no canto de sancionadora. Tamén se comenta que a Administración debe facer cumprir a lexislación.
12. **Necesidade dun bo PXOM, consensuado e respectuoso co contorno e cos valores ambientais.**
13. **Mellora do urbanismo.** En concreto, propónse coidar a estética das vilas e construír con racionalidade evitando elevadas densidades de poboación nos núcleos urbanos.
14. **Protección dos ríos.** Recuperación dos camiños e das ribeiras para gozar deles. Impedir o pechamento dos ríos. Recuperación dos ríos da vila Redondela e da súa vexetación de ribeira. Rexeneración do río Pexegueiro.
15. **Saneamento integral do concello.** Remate no horizonte do ano 2010.
16. **Aproveitamento integral da liña actual de tren como unha “liña de proximidades”** entre Vigo e Pontevedra. Solicítase a parada dos trens nos apeadoiros de Cesantes, Chapela e Redondela.
17. **Máis prazas de aparcadoiro** en especial en Chapela de Abaixo.
18. **Coherencia da Administración municipal para poder crear unha conciencia social** baseada na formación. Tamén se desexa máis valentía e iniciativa para facer algo distinto en Redondela en función das súas potencialidades. Por último, solicítase a distribución equitativa dos orzamentos municipais.
19. **Mellora da xestión de residuos.** Deséxase máis e mellor información e que se forneza de colectores de reciclaxe onde non os hai. Como exemplo práctico propónse que nos colectores estea escrito o número de teléfono de recollida de voluminosos. Tamén se afirma que os máis novos reciclan máis.
20. **Humanización dos montes.** O monte non debe ser unha reserva de madeira. Cómpre fomentar os aproveitamentos múltiples. En canto ás especies forestais cómpre ir substituíndo o eucalipto por especies autóctonas ou, cando menos, máis respectuosas co medio. Neste sentido coméntase como algunhas comunidades de montes están a apostar polo castiñeiro, o carballo americano e o abeto de Douglas.
21. **Poñer en práctica conceptos da “economía ambiental”** como “pagar por conservar”. O concello ingresaría cartos por conservar determinados espazos.
22. **Creación de novas zonas verdes e de lecer.** Sempre coa condición de que os tratamentos sexan brandos (de baixo impacto ambiental) que ademais adoita ser moito máis barato. Un comentario refírese á mellora das comunicacións coas paraxes naturais.
23. **Recuperación das dunas da praia de Cesantes e construción dun paseo entre o peirao e o areal.** Saliéntase que este paseo non debe ser de cemento e si de uso exclusivo para peóns e ciclistas e que, se fai falla, se debe expropiar antes de construílo enriba do mar.
24. **Recuperación ambiental e potenciación (educativa, social e turística) dos elementos máis valiosos do concello** como o castro de Negros, os muíños do Alvedosa, A Peneda, a illa de San Simón, etc.
25. **Deseño dun parque arqueolóxico no monte Penide.**
26. **Aproveitamento do novo enfoque proteccionista e educativo das actuacións da Concellaría de Medio Ambiente.** Saliéntase o traballo cos centros de ensino e destácanse as aulas ambientais e os obradoiros. Outro comentario solicita encetar novos vieiros de traballo.
27. **Fomento do aforro enerxético e pulo da enerxía solar.**




OPINIÓNS:

1. **Progresiva degradación do medio até chegar a ser irreversible.** Destácase a degradación que sofre a ría.
2. **Risco de instalación de novas industrias na ría.** Lémbrese o caso da cementeira de Rande e denúnciase a realización de recheos na ría para a instalación de industrias e a distribución anárquica de estas por todo o concello.
3. **Desaproveitamento da oportunidade de crear un “tren de proximidades”/baixa utilización do transporte público.**
4. **“Cultura do cemento, do tixolo e do betume”.** Que se manifesta na especulación do litoral, nunha forte presión urbanística nos montes do concello e na tendencia a abrir novos camiños e a asfaltar os existentes sen motivo algún.
5. **Afeccións pola rede de evacuación de enerxía que posúe Unión Fenosa no concello.** Coméntase como grave o caso da parroquia de Quintela ou a situación do Castro de Negros.
6. **Adiamento na elaboración e aprobación do PXOM ou que resulte especulativo e pouco respectuoso co medio.** Pídese que se aprobe de común acordo e que se recollan as opinións das asociacións parroquiais.
7. **Excesivo apego á propiedade privada por parte dos comuneiros** e en xeral dos galegos.
8. **Construción do AVE no concello.** Pode provocar unha fenda dende Quintela até Cesantes con graves repercusións ambientais e sociais.
9. **Invasión por parte da mimosa e do eucalipto dos montes do concello.**
10. **Risco de xeneralización da “política dos paseos marítimos” existente na altura en Galicia.** “Non se pode *recuperar* con cemento”. Ponse como exemplo a degradación do areal de Cesantes.
11. **Esmorecemento da zona vella de Redondela.**
12. **A non mellora das instalacións de depuración** que son insuficientes e ademais cada vez teñen que atender a un maior número de habitantes.
13. **Excesivo número de instalacións acuícolas na ría (bateas e granxas) que poden alterar e empobrecer os ecosistemas mariños.**
14. **Ningunha.** “As cousas van mellorando”.
15. **NS/NC.**

5.2 PRIORIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

29 prioridades foron identificadas en total. Están descritas a continuación, empezando cos máis apoiados.

PRIORIDADES PARA CONSEGUIR O DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL



OPINIÓNS:

1. **Elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)** coas seguintes características: que sexa sustentábel e equilibrado, que defina zonas industriais, comerciais e protexidas, que trate de recuperar a beleza, a comunicación e a calidade de vida e que cree contornos agradábeis. Considérase o PXOM como a base dos principais retos do concello: o urbanismo, as infraestruturas, o saneamento, a ordenación do territorio, o desenvolvemento económico e a protección dos espazos naturais e do patrimonio.
2. **Abastecemento e saneamento integral da ría** e, xa que logo, de todas as parroquias do concello. Coméntase que hai que “buscar o financiamento até debaixo das pedras” xa que é urxente completar o saneamento. Tamén se fai referencia a que “cómpre aproveitar as subvencións europeas e consensuar as medidas que se van tomar”. Recoméndase fixar uns prazos para o remate da instalación da rede de saneamento que non debe ir máis alá do 2009–2012. Outras opinións insisten en que non se trata só de rematalo senón de facer a instalación da rede con planificación de futuro. Tamén se recomenda a mellora das instalacións de depuración e dos colectores xa construídos e a posta en marcha de medidas informativas e sancionadoras dirixidas aos veciños que non se queren conectar á rede.
3. **Planificación urbanística do concello.** O urbanismo debe ser de calidade, sustentábel, aberto, consensuado e equilibrado. Cómpre evitar novas desfeitas urbanísticas e prohibir construír na primeira liña de praia. Tamén se recomenda coidar a arquitectura tradicional e os espazos verdes así como vixiar o



outorgamento de licenzas. Hai que fuxir do “feísmo” e establecer normativas axeitadas ao contorno. Débese iniciar a recuperación urbanística do concello e en concreto propónse a “humanización” do núcleo de Redondela ensanchando beirarrúas, facendo peonís novas rúas e instalando un mobiliario urbano harmónico. Outros comentarios destacan que é preciso planificar antes de construír para evitar logo ter que vivir “afogados” e que o novo urbanismo debe ser harmónico, sensato e que protexa e recupere a zona vella de Redondela.

4. **Creación dun parque empresarial.** Ao respecto fanse diversas propostas como a creación dun parque tecnolóxico e industrial, o desenvolvemento dun parque industrial que abeire as industrias que neste momento se atopan mal situadas —evitando que se trasladen fóra do concello—, a potenciación do sector téxtil reservando unha área do parque empresarial para este sector, o traslado prioritario cara ao novo parque das industrias que se atopan no litoral e ao carón das vilas e aldeas.
5. **Conservación e coidado do litoral.** Propónse a rexeneración dos areais —en concreto o de Cesantes— e a procura da convivencia de usos —por exemplo, mariscar e tomar un baño—, a creación de planos específicos para cada unha das actividades que se realizan no litoral solicitando subvencións, o control dos vertidos e a prohibición de construír ou instalar naves industriais na primeira liña, a construción de aparcadoiros disuasorios nos areais, a construción dun paseo peonil sen cemento en Cesantes, a creación de accesos ao mar, o fomento do coñecemento dos areais e o aproveitamento da illa de San Simón e do areal de Cesantes. Aínda que a maioría de opinións fixeron fincapé en que non queren paseos marítimos “aberrantes” ou “de cemento” houbo un caso no que se propuña a construción dun paseo marítimo dende Chapela até a Portela imitando o existente na cidade da Coruña.
6. **Planificación da rede viaria.** Propónse a modificación do trazado da N-555 que sube ao aeroporto, que se establezan uns vieiros principais para cada parroquia, que se saque o tránsito de vehículos pesados de Chapela ampliando unha estrada que xa existe no Alto da Encarnación e que comunica coas industrias do litoral, que se manteñan en bo estado as estradas facendo limpeza periódica de gabias e que se asfalten as que están en mal estado. Tamén se reclama controis de velocidade nalgunhas zonas do concello. Unha opinión defende a construción da autovía de Pontevedra ao aeroporto e outra a eliminación da peaxe da AP-9 en Chapela.
7. **Desenvolvemento turístico.** Potenciación do turismo rural, náutico e de praia dun xeito equilibrado. Construción dun hotel.
8. **Mellora dos equipamentos e servizos para a poboación.** En concreto crese que os centros veciñais deberían estar mellor dotados, que habería que crear un centro de día para maiores no concello, que se precisan máis campos de deporte e un novo pavillón deportivo na vila de Redondela, que fan falla máis centros de reunión para a xente e unha gardería e, máis a longo prazo, unha piscina cuberta en Chapela.
9. **Pulo do transporte colectivo:** desenvolvendo un plan de tránsito que incluíse unha rede de aparcadoiros disuasorios e que viñese acompañado de información aos cidadáns; creando un plan de transporte intermetropolitano de carácter público que incluíse o autobús, o tren e incluso o transporte de viaxeiros pola ría; establecendo unha rede ferroviaria de proximidades entre Vigo e Pontevedra as 24 horas do día e con paradas en todos os apeadoiros;



municipalizando os transportes —non mirar tanto pola rendibilidade— e mellorando o transporte interparroquial con microbuses procurando a funcionalidade e o servizo aos estudantes.

10. **Facilitar o acceso á vivenda dende a Administración municipal.** Recoméndase elaborar un plan de vivenda municipal que inclúa o asesoramento aos particulares na autoconstrución e no acceso á vivenda. Outras opinións esixen que haxa máis vivendas de protección oficial e que, en xeral, se abarate o seu prezo.
11. **Protección real de espazos naturais.** A recuperación dos ríos é urxente. Cómpre facelos máis accesíbeis para os camiñantes e os veciños xa que agochan importantes valores culturais e naturais. A auga é vida e fornece contornos agradábeis polo que se propón “destapar os ríos”, é dicir, eliminar os tramos cementados dos cascos urbanos ao tempo que se “visten”, é dicir, recuperan a vexetación ribeirega. Tamén se comenta como interesante a restauración de todas as fontes e muíños do concello e a realización de actuacións de baixo impacto ambiental como a organización de “limpezas sociais” entre os veciños das parroquias. Noutros ámbitos esíxense plans de recuperación da marisma e da ría no ámbito da mancomunidade, o traslado e a optimización da depuradora, a protección do litoral prohibindo a concesión de licenzas urbanísticas e de instalacións industriais ao carón do mar e o establecemento no novo PXOM dos espazos naturais a protexer.
12. **Fomento da cultura e da artesanía e conservación do patrimonio.** Identificación social e posta en valor da nosa cultura, historia e patrimonio: as áreas de alto valor paisaxístico, as mámoas, os galeóns de Rande, a illa de San Simón, os pazos, etc. Proponse realizar concursos de ideas para favorecer o interese dos cidadáns. Outro comentario refírese á necesidade de levar a cabo actuacións nos montes Penide e A Peneda e o aproveitamento do pazo de Pousadouro.
13. **Creación de máis zonas verdes e parques infantís** sobre todo en Chapela e recuperación das que se atopan en mal estado. Coméntase que se poderían crear paseos fluviais adaptados ao contorno, máis áreas recreativas e a regulación das zonas de marcha para evitar ou reducir as consecuencias do “botellón”. Para a parroquia de Chapela tamén se propón arranxar a zona comprendida entre a praia de Arealonga e o paseo marítimo e buscarlle unha utilidade á fábrica de Carballo como campo de xogos ou piscina pública.
14. **Favorecer a mobilidade dos peóns** mediante o cambio do pavimento e das pendentes nos bordos das beirarrúas, a construción de ramplas de acceso para discapacitados nos edificios públicos, o cumprimento estrito do decreto da Xunta sobre mobilidade e a sinalización da entrada dos garaxes con outro tipo de superficies.
15. **Cambio de política municipal de cara aos veciños.** Solicítase máis comunicación e que a Administración municipal funcione como unha institución ao servizo dos veciños. Como exemplo pídesse unha actitude máis activa cando os veciños van facer algunha reclamación. Tamén se agarda un maior apoio ás asociacións e o fomento do asociacionismo entre os cidadáns.
16. **Participación cidadá real.** Na liña do punto anterior coméntase que cómpre favorecer a participación dos veciños facéndolles ver que teñen que asumir responsabilidades pero, ao mesmo tempo, a Administración municipal debe dar exemplo escoitando máis os cidadáns. Considérase necesario que se conte máis



- coa opinión dos consellos parroquiais para que sexan útiles, que exista maior transparencia orzamentaria no desenvolvemento da política do concello e que se lle esixa maior formación aos concelleiros —en concreto o coñecemento das obrigas do seu cargo e a Lei reguladora das bases do réxime local—.
17. **Apoio ao deporte:** a Administración municipal debería de crear unha fundación a semellanza do Proxecto *Siareiros* do Concello de Vigo.
 18. **Melloras na xestión dos montes** que se consideran, nalgúns casos, desaproveitados e cheos de maleza. Proponse: a creación de áreas de lecer —no Viso, Negros, Cedeira, etc.—, a substitución progresiva dos eucaliptos por especies autóctonas ou, se non pode ser, por outras menos agresivas co medio. Outras opinións refírense a que o bosque debe ser autóctono e a que as comunidades de montes poderían deixar polo menos unha porcentaxe da superficie do seu monte para o desenvolvemento deste. Tamén se comenta que os montes deben estar coidados e limpos pero sen panasco e que as zonas de lecer que se creasen non deberían supor un impacto tan agresivo como algunhas xa existentes, aconséllase que sexan áreas co maior grao de naturalidade posíbel.
 19. **Potenciación do pequeno comercio** xa que a súa actividade supón un xeito de equilibrio económico porque o diñeiro circula dentro do concello, o que favorece a todos. Proponse a redución dos impostos no comezo da actividade e a axilidade nos trámites administrativos. Confíase tamén na creación dun área comercial xa que se trata dun comercio máis moderno e funcional que o actual.
 20. **Formación sobre ambiente e sustentabilidade destinada aos concelleiros da corporación.** Serían útiles unhas xornadas ao ano impartidas por técnicos no concello xa que “só co coñecemento se pode valorar” ao tempo que se daría un bo exemplo aos redondeláns. Outro comentario propón que esta formación se dirixise ao conxunto da poboación do concello.
 21. **Unión e consenso entre os grupos políticos, asociacións e o resto das forzas sociais** creando ou reforzando os órganos de diálogo.
 22. **Mellora da xestión do lixo.** Neste punto as ideas son moitas: realización dunha campaña informativa sobre o ciclo de cada un dos tipos de residuos que se xeran no concello, concienciación da necesidade de reducir, recollida e baleirado dos colectores máis frecuente, tratamento igual en todas as parroquias, limpeza dos colectores, non volver subir o recibo para seguir a dar o mesmo servizo, distribución de composteiros individuais nos predios con terreo —valórase o seu valor ambiental e sobre todo pedagóxico—, creación de puntos limpos que permitan descargar todo o lixo dende o coche, habilitación de naves para intercambiar materiais, é dicir, crear un “mercado de subprodutos” que reduzan a xeración de residuos e eliminación dos vertidos incontrolados fornecendo máis información sobre a recollida e promovendo acordos coas comunidades de montes para establecer depósitos de entullo.
 23. **Mellora da instalación eléctrica na parroquia de Cabeiro.**
 24. **Pulo á educación** que debe ter unha visión máis ampla que a actual. Recoméndase poñer en práctica experiencias educativas cos maiores para que interactúen todas as idades e se contribúa a rachar coa tendencia ao illamento do ser humano. Proponse o aproveitamento das instalacións fóra do horario escolar e do ensino regrado, o fomento das artes, da creatividade individual, das actividades imaxinativas, da educación en valores e, máis concretamente, da educación ambiental. Solicítase que se dispoña de medios humanos e materiais suficientes e que se creen novos programas formativos como “o medio natural” e



- “o tránsito” xa que son novas realidades como pode ser a informática pero que non dispoñen de tanto tempo no ensino regrado.
25. **Adecuación dos servizos ás necesidades reais.** Trátase de: evitar a “política de imaxe” e de “colleita de votos”, racionalizar o gasto e buscar a funcionalidade fuxindo das “obras faraónicas”.
 26. **Procura dunha sociedade máis igualitaria.** A sociedade actual segue a ser machista polo que se propón o fomento da educación transversal e un maior grao de profesionalización —necesidade de contar con psicólogos, avogados, xente con experiencia en temas de igualdade, etc.—.
 27. **Construción do auditorio municipal** para actividades que precisen de grandes capacidades ou de características específicas.
 28. **Constancia na política ambiental** realizando actuacións cada vez máis programadas e dirixidas a todas as idades.
 29. **Fomento do coñecemento cultural e turístico aproveitando as posibilidades da Internet.**


5.3 PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A última parte das entrevistas enfocábase no papel da cidadanía: o nivel de participación en xeral, e o nivel de concienciación ambiental e impacto ambiental dos redondeláns.


A maioría dos entrevistados opinaban que a cidadanía redondelá era cada vez menos participativa, a pesar de que a integración e participación de todos é un principio fundamental para o desenvolvemento sostible. A maioría pensaba que non existían grupos máis excluídos que outros, ou sectores da poboación que danaban o medio máis que outros. Os que pensaban que si que existían eses grupos en xeral concluían que era a xente nova, inmigrantes e mulleres con cargas familiares que participaban menos, mentres que era a xente de idade media, con alto poder adquisitivo os que causaban máis impacto ambiental.

Para facer promoción dunha sociedade máis participativa, pedíase un concello máis proactivo en escoitar a cidadanía, principalmente a través de grupos de veciños, asociacións e outros colectivos. Permitiríase a súa participación máis profundamente na toma de decisións, e deixaríase a grupos locais realizar as súas propias iniciativas en vez de simplemente axudando co axenda do concello.

En canto ao impacto ambiental, citaban o problema con lixo e outros vertidos como o impacto principal da vida cotiá, sobre todo no monte, os ríos e o mar. Detrás disto existe unha falta de respecto e preocupación polo medio, que vai, man a man, cunha sociedade cada vez máis consumista e individualista. Polo tanto, as suxestións de como reducir o impacto ambiental era principalmente relacionados coa educación e a sensibilización. Pedíase que o Concello investira recursos e apoiase iniciativas, dende cursos de formación e educación ata proxectos máis informais que ascendan bos hábitos e un respecto para a terra. Tamén visto como importante era a comunicación dunha visión e compromiso máis claro por parte do concello, con máis colaboración e integración entre concellarías.

**OPINIÓNS:**

1. **A participación é baixa en xeral.** Criticase o individualismo no que vive a sociedade actual, a progresiva transformación de Redondela cara a un concello–dormitorio e a caída do movemento asociativo dende que o BNG entrou no Goberno municipal.
2. **Os habitantes do rural.**
3. **Os inmigrantes.** Aínda que se afirma que non están excluídos constátase que son pouco participativos.
4. **A xente nova** á que non se lles dá opcións de desenvolver as súas ideas e soños. Tamén se comenta que existe unha parte de xente nova que non ten interese ningún en participar.
5. **Os habitantes dos chalés.**
6. **Os maiores.**
7. **Os que non naceron no concello** incluíndo inmigrantes, ocupantes de segundas residencias, os que acaban de chegar doutros concellos, etc.
8. **As mulleres,** sobre todo as que teñen cargas familiares.
9. **A xente de baixa renda económica.**
10. **Os habitantes urbanos** xa que teñen menos necesidades que os habitantes do rural.
11. **Non existen eses grupos.**
12. **NS/NC.**


**OPINIÓNS:**

1. **Ter máis reunións coas asociacións veciñais e outros colectivos** escoitando as súas opinións.
2. **Máis apoio económico e máis voluntarismo.** Proponse a creación da figura do monitor para favorecer a dita participación.
3. **Permitindo a súa participación na elaboración das actuacións que lles afectan** comezando polo orzamento do propio concello. Neste sentido recoméndanse a elaboración de “orzamentos




participativos” e a realización de concursos de proxectos nos cales se incentive a procura de ideas para facer unha Redondela mellor. Tamén se comenta que hai que tentar dar un “enfoque especial” para conseguir facerlles ver a estes colectivos como lles afectan moitas das decisións e actuacións do día a día.

4. **Organizar actividades nas que poidan participar.** Propóñense cursos de alfabetización de mulleres, máis actuacións dos servizos sociais e actividades de balde.
5. **Atópase difícil fomentar a participación sen caer na politización.**
6. **Fomentar dende a Administración municipal as actividades deportivas** e, en xeral, os hábitos sans.
7. **Máis servizos e actividades para o lecer sobre todo en horario nocturno.**
8. **Fomento das actividades de conservación da natureza e formación ambiental.**
9. **Compromiso real por parte dos políticos.**
10. **As iniciativas da poboación non se poden tentar “eliminar” ou “controlar” por parte dos políticos.** Tamén se pide unha actitude “menos paternalista”.
11. **Tratamento igualitario aos colectivos do concello.**
12. **Existencia de servizos públicos que favorezan a participación,** por exemplo que haxa un maior e mellor servizo de gardarías para que unha nai poida asistir a unha reunión.
13. **Fomentar as asociacións de veciños, os consellos parroquiais e a Consellaría de Participación Cidadá.**
14. NS/NC.




OPINIÓNS:

1. **Todas as relacionadas coa xestión do lixo,** en especial guindalo ao monte. Coméntase que a Administración municipal tampouco responde neste tema.
2. **Facer lume nos predios.**
3. **A instalación de industrias mal situadas e cun funcionamento incontrolado.** Faise referencia aos vertidos incontrolados de varias industrias do concello e, en concreto, ao caso da zona industrial da Millarada.
4. **A construción e a especulación.**
5. **O abuso do transporte privado** en especial entre os adultos de idade media (30–50 anos).
6. **O malgasto enerxético.**
7. **A falta de civismo,** en concreto o estrago de espazos públicos.
8. **Os vertidos aos ríos e ao mar** provocados por veciños, industrias, barcos, etc.
9. **En xeral non existe preocupación pola degradación do medio.** Actuamos todos de xeito semellante e negativo para o medio no noso día a día, por mor da cultura imperante na actualidade que se pode definir como consumista e individualista.
10. NS/NC.

**OPINIÓNS:**

1. **Non os hai.** Todos somos máis ou menos responsábeis e, en calquera caso, falta información.
2. **Os habitantes do rural.**
3. **Os redondeláns de idade media, con vivenda e vehículo propio e de nivel adquisitivo medio.**
4. **Os que fan motocrós ou conducen quads polo medio do monte.**
5. **A xente que pasea con animais soltos.**
6. **Os que botan todo o lixo no monte.**
7. **Os construtores e os especuladores.**
8. **A clase política pola súa irresponsabilidade e o seu “deixar facer”.**
9. **As empresas e industrias que incumpren a lexislación ambiental.**
10. **Algúns mozos que estragan os lugares públicos.**
11. **Os redondeláns de alto poder adquisitivo.**
12. **Os do casco urbano, principalmente pola xeración de ruidos.**
13. **NS/NC.**

**OPINIÓNS:**

1. **Facer cursos de formación sobre temas ambientais.** Coméntase que “hai os recursos para os organizar”, que sobre todo son necesarios no rural onde se piden máis, en troques de menos sancións. Solicítanse tamén charlas, campañas e actividades atractivas preferentemente nos colexios e a través de asociacións.
2. **Concienciación e sanción por parte dos poderes públicos,** sobre todo no tema da xestión do lixo.
3. **Informar e educar en valores, crear bos hábitos e inculcarlle á xente o cariño pola terra.**
4. **Levar a cabo unha política preventiva e exemplar por parte da Administración municipal** que evite as actividades nocivas no contorno. Tamén se propón unha menor profesionalización e



unha maior vocación entre os políticos, ideas claras e boas intencións. Por último, recoméndase a realización de actuacións transversais entre as concellarias.

5. **Mellorar o transporte público.**
6. **Elaboración dunha lexislación específica para actividades que se realizan no monte como o motocrós, o tránsito de quads e a cría de cabalos** do mesmo xeito que existe unha lei de caza. Só existindo lexislación poderá haber sanción.
7. **Quitar o cemento e poñer “verde”.** Afirmase que a falla de contacto coa natureza deshumanízanos e fainos perder calidade de vida. Precisamos un cambio no noso estilo de vida —caracterizado polo exceso de información e as présas— que nos impide pensar.
8. **Achegamento aos grupos que peor comportamento teñen co medio** e participar dun xeito pedagóxico nas súas actividades, por exemplo, o botellón.
9. **A poboación non xera un grande impacto ambiental.**
10. NS/NC.



5. RESUME DAS CONCLUSIÓNS DA PREDIAGNOSE

Un total de 630 persoas informaron directamente esta prediagnose, entre as 3 diferentes formas de consulta. A maioría deles eran mozos (con menos de 24 anos), debido principalmente a unha participación nas enquisas máis baixa que o esperado entre a poboación maior de 24 anos.

É importante ter en conta este factor cando se interpretan as conclusións, aínda que por unha parte indica que o proceso da Axenda 21 está empezando co bo pé: a importancia de escoitar a mozos e de promover a súa participación foi recoñecida como unha prioridade por moitos participantes e por case todos os entrevistados.

A desproporción está tamén compensada, ata certo punto, pola natureza das entrevistas:

- as 25 persoas entrevistadas estaban escollidas porque se consideraba que as súas opinións representaban a moitas máis persoas: de todos os sectores da sociedade redondelá e de todos os grupos con poder de decisión.
- a cantidade e profundidade de información proporcionada por cada unha das 25 persoas entrevistadas era moito maior que a das que participaron nas enquisas e actividades. Polo tanto, as súas opinións levan proporcionalmente máis peso na análise final.

Ademais, unha das conclusións máis rechamantes da prediagnose é que, en xeral, existe unha concordancia forte entre as opinións dos participantes, independentemente da súa idade, a súa ocupación ou residencia, de quen estaba representando, ou da actividade en que participaron.

A análise detallada de cada consulta está incluída en cada capítulo por separado. Todos xuntos, forman a Prediagnose do Concello de Redondela. Inclúe moitas opinións sobre o estado actual do concello, e moitas diferentes suxestións para o futuro, cada un dos cales é importante. Non obstante, os seguintes puntos resumen as conclusións máis fundamentais, sobre os cales a maioría dos participantes estaban de acordo e daban máis importancia:

1. A situación xeográfica de Redondela, co seu contorno da costa e o mar, os montes e os ríos é moi valorado pola maioría dos redondeláns. O patrimonio natural non só é a maior fortaleza ambiental, pero tamén un factor importante económico; a súa proximidade fai a vila de Redondela agradable, e é un factor importante en permitir unha boa calidade de vida.
2. Ese mesmo patrimonio natural está cada vez máis degradado. A paisaxe segue sendo bonita, pero cada un dos seus elementos (montes, ríos, praias/costa e mar) están sufrindo por contaminación, sobre explotación ou simplemente mala xestión. De todos eles, os ríos e as praias/a costa estaban vistos como no peor estado.



3. Os redondeláns queren a recuperación do patrimonio natural, coa implantación dunha xestión máis sustentábel para os seus elementos, ademais dunha implantación máis estrita das leis de protección, con castigos máis fortes para os que contaminan ou degradan. A costa debería ser a prioridade para recuperar, aínda que tamén se pide iniciativas para os ríos e montes.
4. Debido á importancia da ría en case todos os ámbitos da vida local (económica, ecolóxica, paisaxística, turística, de recreo...), a súa xestión é máis complicada. Para asegurar a súa sustentabilidade, o concello ten dúas prioridades:
 - terminar coa instalación dun sistema de saneamento adecuado en todo o concello.
 - ser proactivo en colaborar cos outros concellos limdeiros no ámbito da mancomunidade, para implantar un sistema de xestión integrada.
5. O urbanismo das últimas décadas está visto por moitos como un fracaso. A falta de planificación, a falta de protección para zonas de interese natural, os abusos das leis, e a 'cultura de cemento' causou unha gran degradación ambiental e creou unha vila máis fea e con insuficientes espazos verdes. Existe temor entre moitos de que esa cultura segue e de que haberá máis abusos no futuro.
6. O Plan Xeral de Ordenación Municipal estaba aceptado case universalmente como un paso imprescindible. A súa implantación ten que ser estrita, e castigos máis fortes para os que abusan das leis son esenciais.
7. Redondela ten un problema co tráfico: problemas de aparcamento, a inconveniencia de atascos, a molestia do ruído e o perigo para peóns. Melloras ao servizo de transporte público considéranse como unha parte imprescindible da súa solución, principalmente con máis rutas e mellores horarios.
8. Valórase que Redondela segue sendo unha vila, con ambiente de convivencia e coas tradicións e a cultura rica e viva. Non obstante, existe preocupación de que iso está en perigo. Entre outros factores, unha cultura cada vez máis conformista e homoxénea, un incremento en comportamento antisocial, e a tendencia cara a se converter nunha vila satélite dormitorio de Vigo, ameazan a unidade da vida e a saúde da súa cultura. Considérase que o concello ten que ser máis proactivo en apostar por novas iniciativas e en incluír a todos, sobre todo rapaces.
9. A riqueza e o potencial económico de Redondela débese principalmente a dous factores: os seus recursos naturais (entre a ría e os montes), e a súa proximidade con Vigo. Entre moitas opinións, dous tiñan o apoio da maioría:
 - promover máis independencia de Vigo (pero seguirse beneficiando da súa proximidade), coa creación dun parque empresarial dentro do concello, a gran prioridade.
 - aproveitar mellor o potencial turístico do concello, con máis infraestrutura (hoteis, etc.) e cunha xestión do patrimonio natural que o mantén atractivo para os visitantes.



10. Para lograr un futuro máis sustentábel, hai que educar, concienciar e sensibilizar os redondeláns: sobre o seu patrimonio, sobre a súa importancia para o futuro, e sobre o impacto das nosas vidas nel.

A importancia desta Prediagnose no contexto máis amplo de Axenda 21 e o Plan de Acción, vén cando as súas conclusións están considerados xuntos coas conclusións da Diagnose, o estudo técnico. Esta comparación realízase no 'Documento de Síntese', dentro do cal se identifican as áreas prioritarias para o Plan de Acción da Axenda 21.